

1

DIÓXENES

Exilio

Por máis que me esforzo non dou lembrado o momento exacto en que decidín converterme nun tipo repulsivo. Quizais non foi unha decisión consciente, e ese xeito de ser foise instalando amodo, coa mesma lentitude e abandono con que algas e mexillóns van colonizando a paisaxe rochosa que rodea a miña ventilada residencia na praia de Dolorida. Tampouco podo descartar que na metamorfose influíse decisivamente o que xa era coñecido por todos os meus amigos: a miña vida non se atopaba no seu mellor momento.

Lupe cedérame outra vez o apartamento de Dolorida coa idea soterrada de apartarme de Marta. Pensaba que uns días fóra da cidade me habían servir para esquecerla con máis facilidade. Era un intento con boa intención pero inútil, porque eu xa o conseguira pola miña conta sen demasiado traballo. A miña irmá, con ese pauto diabólico que algunhas mulleres teñen feito coas palabras, non argallou o

meu afastamento da moza que compartira a miña vida nos últimos meses coa claridade desexable entre dous irmáns que se soportan no mesmo cuarto os minutos imprescindibles para unha breve posta ao día tras dous anos sen se falar. Mais se non foi clara e precisa nas súas motivacións, teño que confesar que esta vez tampouco me botou un discurso dos seus, sabedora de que con iso tan só lograría perder o tempo. Nos días que permanecera na súa casa, protestando por todo e soltando a rabia que eu acumulaba, Lupe comprendeu perfectamente que ela tamén necesitaba afastarse de min e das miñas impertinencias; por iso, simplemente puxo as miñas cousas na porta e díxome: aí tes as chaves, vai á praia, osixénate e volves coma novo. En oito días viume nesta situación dúas veces, circunstancia extrema que, como sabe o que a padeceu, non anima moito, por máis que unha intuición, débil coma a luz da estrela polar que observo desde o meu tonel, me sinalaba como o causante das miñas propias desditas.

Aquela forma que tiña Lupe de enfocar o asunto –a conveniencia da miña osixenación– implicaba sobre todo unha absoluta falta de realismo, en tanto que disfrazaba a súa motivación máis recente, que non era outra que a de desfacerse de min o máis axiña posible. Soábame tan coñecida a estratexia que optei por non discutir con ela, pois os meus problemas con Marta debíanse sobre todo ás súas habilidades lingüísticas, á súa letal capacidade enredadora. Collín as chaves do apartamento e fuxín. Á fin e ao cabo, resultábame unha actividade coñecida; era o que levaba facendo os últimos anos. Co meu regreso á cidade costeira onde a coñecín, tiña a sensación de que estaba pechando o círculo que se iniciara dous anos antes.

A primeira vez que a vin estaba incompleta, o que non me pareceu nada preocupante, pese a ser, a pouco que se pense, un presaxio estraño que xa debeu poñerme en garda. O seu torso ocultábao o cartel indicador de «Benvidos a Dolorida», así que só se percibía dela uns pantalóns. Eran brancos e de fío; no seu interior, as pernas tamén parecían flotar coma bandeiras no alto daquel penedo. Lémbroo ben, porque aquel verán eu tiña uns semellantes, da textura envolvente e acolledora dun pixama. Tíñalles tanto aprecio que, xunto cuns tenis de cor indefinida –polo abuso sen misericordia ao que os sometín– e algunha das dúas camisetas que confundaba ao chou no momento de saír, foron o meu uniforme durante aquelas vacacións.

Para observala a pracer achegueime amodo a través das rochas, que formaban unha escaleira natural cara ao seu posto de observación. Mentres subía, pensaba na conquista de Masada –unha fortaleza xudía que os romanos asediaron durante meses mediante a paciente técnica de construír unha rampla que vencería as defensas dos sitiados–, seguramente porque uns minutos antes adormecín durante a emisión do documental das catro. E cando falo de fortalezas, por estraño que pareza, non quero dicir que tivese naquel primeiro momento un interese directo no asedio da femia que sen dúbida era Marta, pois xa dixen que ela estaba substanciada nuns pantalóns e nin sequera lle vía a cara; aínda que o tipo, anticipado por aquelas columnas brancas, xa intuía que era de primeira. Simplemente, alegre e despreocupado, eu ía ascendendo como podía, tratando de parecer máis atlético do que era. De cando en cando, coincidindo coas reducidas plataformas naturais daquel montículo, paraba e quedaba enfeitizado co movemento ondulatorio que a

brisa lles imprimía aos seus pantalóns, que ela acentuaba, de forma moi natural, con aqueles cambios de posición das pernas, que semellaban ir na procura dun mellor punto de apoio. Disposto a ser preciso, como pretendo, agora sei que non me interesaba por si mesma, senón que me movía cara a ela atraído pola axitación dos seus pantalóns, do mesmo xeito que certos bichos reaccionan e se poñen en marcha ante as vibracións.

Descubrín que ela enfocaba un barco ao lonxe cunha cámara compacta de cor azul, desas que compran as tías cando necesitan un artefacto mecánico ou tecnolóxico. Pareceu-me máis un instrumento para vivir abandonado no caos dun bolso feminino, acompañando unha barra de labios ou unhas lentes de sol de deseño, ca un instrumento cunha utilidade práctica coma a de obter unha imaxe daquel barco, que non sabería dicir se se afastaba ou se achegaba cara a onde estabamos os dous, pois os meus ollos, pese a tela xa á vista de corpo enteiro, seguían a ver só os seus pantalóns.

Aquela indecisión á hora de fotografar o barco parecía-me deliciosa, pois había algo instintivamente erótico naquela muller cuxo nome descoñecía e que bailaba, sen ela sabelo, sobre a rocha. Hoxe sei que o feito de namorarme de Marta a primeira vista, mentres estaba no alto dun promontorio que a miña imaxinación converteu en olimpo costeiro, contribuíu de forma decisiva á descomposición da miña arquitectura mental. Aínda que recoñezo que eu como home distaba moito de ser perfecto, se tomamos como referencia, como creo debe facerse, o concepto de persoa de sentido común que usa a clase media traballadora, os cimentos daquela presentaban certa consistencia; a suficiente para que me catalogasen no meu cambiante ambiente profesional como un

tipo raro, pero con algunha valía. Agora ben, aínda recoñecendo a tolemia que a entrada de Marta supuxo na miña vida, asumo que o mérito de atoparme onde me atopo correspóndeme de maneira total só a min. É o que me din con frecuencia e non ten sentido negalo.

Ao pensar en Marta, evoco con naturalidade a chegada dunha muller salvadora, que borra da miña memoria os recordos doutra máis antiga. E é que Marta foi a moza especial que volatilizou a Silvia no meu cerebro coa rapidez con que esvaece unha brétema lixeira (anoto aquí que tamén naquela ocasión a miña irmá Lupe me emprestou o apartamento e tamén me martirizara cun quintal de recomendacións, coma se o seu apoio loxístico lle dera dereito a botarme sermóns). Ao rememorala vén a min, inexorablemente, a imaxe do noso paseo —a tarde do día seguinte de a coñecer— pola Moa de Dolorida. Quizais porque me sentía ple-tórico, e a Moa simbolizaba para min a fortaleza que lograra recuperar tras a miña ruptura con Silvia. Aclaro para a posteridade que este accidente xeográfico é unha inmensa plataforma pétrea, de considerable altura, que os turistas deben visitar pola teimuda insistencia dos folletos, o que demostra o débiles que somos se se insiste o suficiente. Pero, como xa dixen, no meu caso os motivos da visita eran, se se quere, máis fondos, de tipo psicolóxico, que é tanto como dicir irracionais, polo que, salvando as distancias, evidentes no que a esplendor e altura se refire, deixei de mofarme dalgunhas condutas aparentemente absurdas, coma as que realizan os tipos que necesitan subir gran número de oitomiles, que son montañas monstruosas nas que é fácil perder a vida; e ademais, e que se saiba, alí, nos neboeiros xélidos do Tíbet, non hai nada.